



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS

En Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016

RÉUNENSE

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude dos Decretos 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e 230/2012, do 2 de decembro, polo que se nomea ao vicepresidente da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte Eduardo Aceña García, actuando en nome e representación da Institución Benéfico Social Padre Rubinos (en diante Padre Rubinos) e en uso das atribucións que lle corresponden como presidente da Institución, cargo para o que foi nomeado na Asemblea Xeral extraordinaria do 18 de decembro de 2003, sendo renovado o seu nomeamento con data do 29 de outubro de 2009.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada un intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto:

EXPOÑEN

Primeiro.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

Segundo.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar





determinados servizos aos cidadáns carentes da capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

Terceiro.- É necesario destacar a labor realizada pola Institución Benéfico Social Padre Rubinos. Esta entidade leva a cabo programas de actuación en orde a evitar a mendicidade, proporciona axuda ás persoas que están en situación de emerxencia social e conta con servizos de gardería infantil e de terceira idade destinados aos colectivos que non teñen medios económicos.

Cuarto.- A Institución Benéfico Social Padre Rubinos desenvolve a súa labor na Coruña. Esta entidade presta servizo de aloxamento de transeúntes, para evitar a mendicidade nas rúas. No caso da residencia da terceira idade e da Escola Infantil, préstanse servizos de asistencia aos anciáns e aos nenos que acoden a esta institución por non poder acceder a outra entidade.

Para exercer as devanditas actuacións de prevención da mendicidade, residencia da terceira idade e gardería infantil, Padre Rubinos, ten que dispor dun cadro de persoal cualificado e cunha sensibilidade especial. Debido ás carencias de vocacións relixiosas, nos últimos anos a entidade tivo que proceder á contratación de profesionais que paliasen as baixas do persoal relixioso. Esta circunstancia, unida á necesidade de afrontar os gastos derivados da prestación de servizos asistenciais cada vez demandados por un maior número de persoas debido á situación de crise económica que se vive nestes momentos, xera unha descompensación entre os ingresos e gastos da dos servizos. Para que Padre Rubinos poida paliar esta situación sen que se vexa minorado o volume de servizos que presta ten que recorrer a axudas de institucións públicas ou achegas privadas.

Quinto.- Padre Rubinos é unha institución que presta servizos de carácter asistencial aos colectivos que quedan sen cobertura dos servizos sociais das distintas Administracións Públicas.

A actividade de Padre Rubinos circunscríbese a:

A) RESIDENCIA DE ANCIÁNS:

Cunha capacidade, coa posta en marcha das novas instalacións, para uns 146 usuarios, con dous tipos de prazas: 106 privadas e 40 concertadas coa Xunta de Galicia. Dentro destas distínguense tres categorías: praza para válido, praza para dependente e praza para atención continua.

Debemos ademais, resaltar a gran lista de espera que ten a residencia, sendo un recurso amplamente demandado por uns usuarios que, aínda que pola súa situación financeiro - patrimonial serían candidatos para entrar nunha residencia pública, a escaseza de prazas non lles permiten o acceso, polo que, a ausencia deste recurso derivaría en numerosas situacións de desamparo e exclusión.





B) ESCOLA INFANTIL:

Cunha capacidade máxima de 95 nenos, o centro atópase en tódolos períodos académicos ao 100% da súa capacidade, e palía en certa medida a carencia de prazas de gardería para a idade comprendida entre "0" e "3" anos, na zona na que está situada (Os Rosales - Labañou), os usuarios son familias de renda baixa e media baixa, que abonan cotas variables en función dos seus ingresos, sendo a media mensual de 211,00 e que se ben a Institución está inscrita no programa de Cheque Infantil da Consellería de Traballo e Benestar, non percibe tampouco ningunha axuda ou subvención por esta actividade que lle permita sufragar a diferenza entre os ingresos e uns gastos moi superiores. Ao igual que na Residencia de Anciáns, conta a escola cun equipo de Mestras e Técnicos de Xardín de Infancia cunha gran formación e experiencia.

C) ALBERGUE DE TRANSEÚNTES:

O Albergue está concibido para persoas que carecen de recursos económicos, facendo uso dos servizos que oferta un número aproximado anual de 2.000 persoas, que poden dispor dalgún ou de tódolos que se reflicten no seguinte detalle, de xeito totalmente gratuito, estimándose en case 174.000 os servizos prestados anualmente, entre básicos e específicos:

1.- Comedor: Pasan por este servizo mais de 500 familias para solicitar alimentos.

2.- Calor-Café: Trata de evitar que os transeúntes pasen a noite á intemperie. Este servizo considérase como un punto de partida para coñecer a problemática social dos usuarios, orientándoos cara o resto dos servizos, especialmente información e asesoramento e Talleres.

3.- Aloxamento Nocturno: Ten unha capacidade para 50 homes e 10 mulleres, prestándose anualmente un total de 15.000 servizos.

4.- Servizo de Duchas: Os usuarios do Servizo de Dormitorio poden utilizar este servizo. Como complemento a este servizo repártense útiles de aseo e hixiene persoal. Préstanse un total aproximado de 9.000 servizos anuais.

5.- Servizo de Roupeiro Interno: Préstase a aqueles que utilizan algún outro do albergue (dormitorio, calor-café, comedor, etc.). Un total aproximado de 10.500 servizos anuais.

6.- Roupeiro Externo: Ofrécese a usuarios como familias sen recursos, mulleres de etnia xitana, etc., é dicir, a aqueles que non dispoñen doutras prestacións. O total aproximado de servizos prestados anualmente é de 900.





7.- Información e Orientación: Diariamente o equipo composto polos traballadores sociais e os educadores, prestan este servizo a un total de quince usuarios.

8.- Servizos de atención psicolóxica: Unha psicóloga presta anualmente un total aproximado de 2.439 servizos de atención, de aqueles casos derivados polos traballadores e educadores sociais. Así mesmo, aqueles que requiren atención psiquiátrica son derivados ao Psiquiatra que colabora coa institución desde o Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

9.- Escola Taller: ten como obxectivo prioritario a adquisición de habilidades socio laborais e a inserción laboral dos participantes, un total de 300 persoas pasan anualmente polos nosos talleres de informática, busca de emprego, prensa, autoaxuda, manualidades...

10.- Vivendas de Inserción: Seguindo co obxectivo de lograr a inserción socio laboral dos usuarios, ponse a disposición un piso preto da institución que dispón de sete prazas para aquelas persoas que conseguiron un posto de traballo pero aínda non percibiron o primeiro soldo, polo que non teñen recursos suficientes para poder abonar o custo dunha vivenda. A estancia nesta vivenda está contemplada de forma temporal e a permanencia nesta dependerá da situación particular de cada caso, dos cales se levará un estudo e seguimento pola Educadora Social. A creación deste servizo estímase imprescindible dadas as dificultades actuais para o acceso á vivenda, xa que se procura proporcionar un medio estable de convivencia a aquelas persoas que xa están na derradeira fase de integración nun entorno laboral.

11.- Centro de Día: Con capacidade para unhas 40 prazas, a partir das cinco da tarde organízanse distintas actividades no Albergue de Transeúntes, como son: tardes de debate, charlas informativas, vídeo foro, tardes de fútbol, celebración de festas,... Así mesmo, organízanse excursións e saídas a museos e exposicións.

Sexto.- De acordo co establecido no artigo 26.2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención ás peculiaridades da entidade, posto que a Institución Benéfico Social Padre Rubinos é o único complexo social que hai na cidade da Coruña na que se presten tódolos servizos que ofrece a Institución (Albergue de Transeúntes, Residencia de Anciáns e Escola Infantil), Ademais, é o único que presta un servizo integral ao transeúnte, no existindo ningún outro albergue con estas características, é dicir, que oferte conxuntamente unha prestación asistencial a familias e persoas que o soliciten e que se atopen en situación ou risco de pobreza ou exclusión social, así como o financiamento das intervencións de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador ou de integración para evitar a cronificación desta situación.





Sétimo.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Institución Benéfico Social Padre Rubinos, para apoiar financeiramente á entidade na realización dos servizos asistenciais que se veñen prestando.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA INSTITUCIÓN

1. Padre Rubinos queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao financiamento das actuacións referidas na cláusula primeira
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CA para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aboará á Institución a cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000€) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP.: 05.21.121A.481.1)





2015/00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando unha memoria xustificativa con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e unha memoria económica que conterá unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación financiada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, as correspondentes facturas e xustificación do seu pagamento, os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios propios ou, de se-lo caso con achegas procedentes doutras subvencións ou recursos, detallando os ingresos ou subvencións que financien a actuación obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia. Así mesmo incorporaranse os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deban terse solicitado.

O representante da Institución acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Institución deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros





de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrese a Institución, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2016.

QUINTA.- PAGOS PARCIAIS

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da entidade, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo có disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a entidade, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas có obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo có establecido nos artigos 11 d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a entidade, deberá presentar unha declaración do conxunto de tódalas axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a Institución deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidade vinculadas ou dependentes das mesmas.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais





SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola Secretaria Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Presidente da Institución, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





DÉCIMA. – XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO PRIMEIRA. – VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2016.

DÉCIMO SEGUNDA. - NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro
de Presidencia Administracións
Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O presidente da Institución Benéfico
Social Padre Rubinos

Eduardo Aceña García